

ANEXO I**Persoas beneficiarias das bolsas de formación na Dirección Xeral de Comercio**

Orde	Solicitante	DNI
1	Isabel Áurea Oliete Trillo	46903521-N
2	Araceli Mayer Segade	44835263-Y
3	Javier Bouzas Arufe	44826177-M
4	María José Montes Fernández	44474921-M
5	Iria Novillo Casal	33295260-T
6	Óscar Manuel Liñeiro García	47354209-S

ANEXO II**Listaxe de reserva**

Orde	Solicitante	DNI
1	María Cabana Cabado	33347655-R
2	Mª del Carmen Rodríguez Domínguez	52936388-W
3	Diego Sande Veiga	33301664-P
4	Vanesa Caneiro Navarrete	32697621-Q
5	Alejandro Manuel López Ferrer	53165902-E
6	Vanesa María Carballido Abel	33338842-C

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 22 de xuño de 2009 pola que se anuncia a convocatoria para a concesión de axudas a conservatorios de música non dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e de titularidade pública.

O artigo 108.2º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, clasifica como centros públicos aqueles que teñen como titular unha Administración pública. Así pois, os conservatorios de música dependentes de concellos teñen a consideración de centros públicos.

Ademais das accións que leva a cabo esta consellería na creación, dotación e sostemento dos conservatorios de música da súa titularidade, determinados concellos da Comunidade Autónoma de Galicia veñen desenvolvendo un importante labor coa iniciativa de creación e co sostemento de centros públicos que imparten as ensinanzas regradas de música.

En consonancia coa política de axudas desta consellería aos centros que imparten ensinanzas de música, á vista da crecente demanda destas ensinanzas e coa finalidade de lles prestar apoio ás iniciativas doutros entes públicos para o fomento, difusión e extensión destas ensinanzas, e en virtude das atribucións que ten conferidas a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

DISPOÑO:

Primeiro.-Facer pública a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas destinadas a

subvencionar o funcionamento dos conservatorios de música non dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e de titularidade pública que radiquen na Comunidade Autónoma de Galicia e para o desenvolvemento das súas actividades docentes desde o 1 de xaneiro de 2009 ata o prazo límite de xustificación de gastos.

Segundo.-Poderán solicitar estas axudas os titulares dos conservatorios de música sinalados no punto anterior que contén coa correspondente autorización da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Non poderá ter a condición de beneficiario das axudas previstas nesta orde quen incorra nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Estas axudas serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Terceiro.-O importe total das axudas será de catrocentos setenta e cinco mil euros (475.000 euros) e librarase con cargo á aplicación orzamentaria 09.03.422E.460.1 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

En calquera caso a contía máxima da axuda por beneficiario non poderá superar a cantidade de corenta e cinco mil euros (45.000 euros).

Cuarto.-As solicitudes, segundo o modelo de instancia e máis os anexos que figuran nesta orde, xunto coa documentación xustificativa correspondente, dirixiránse á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e presentaranse na Oficina de Rexistro Único e Información e Atención ao Cidadán no complexo administrativo de San Caetano de Santiago de Compostela, ou nos lugares que sinala o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, no prazo dun mes (1 mes) contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

A solicitude debe ir xunto coa seguinte documentación:

a) Fotocopia cotexada da tarxeta de identificación fiscal.

b) Orixinal ou fotocopia cotexada de certificación bancaria a nome do solicitante, na cal conste o número de conta na cal desexe que se lle ingrese, se é o caso, o importe da axuda.

c) Declaración responsable de ter solicitado, ou non, axuda para a mesma finalidade doutras administracións ou entes públicos.

d) Declaración responsable de non incorrer en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

A reserva que o peticionario poida facer no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que, en todo caso, terá que se expresar por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

Quinto.-Na valoración de solicitudes teranse en conta os seguintes aspectos coa ponderación que se indica:

1. Número do alumnado matriculado no curso 2008/2009.

2. Número de especialidades instrumentais impartidas.

3. Número do profesorado e tempo de dedicación.

Os tres aspectos anteriores, no seu conxunto: de 0 a 6 puntos.

4. Dimensións das instalacións: de 0 a 1 punto.

5. Volume do orzamento do conservatorio: de 0 a 1 punto.

6. Importe total que o centro percibe do alumnado no curso escolar 2008/2009 pola impartición das ensinanzas: de 0 a 2 puntos con ponderación inversa.

A distribución das axudas, tendo en conta os aspectos anteriores, realizarase atendendo ao siste-

ma de rateo entre os beneficiarios da subvención do importe global máximo destinado ás subvencións.

Sexto.-A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa poderá requirir do solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarios para complementar o expediente, e tamén poderá dispor que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polos solicitantes.

Calquera alteración que se produza nos datos contidos na documentación que se xunta á solicitude será comunicada polo solicitante á mencionada dirección xeral, para os efectos previstos no punto décimo segundo desta orde.

Sétimo.-Baixo a presidencia da persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue, constituirase unha comisión encargada de valorar as solicitudes presentadas e que estará integrada por:

-O/a subdirector/a xeral de Centros ou persoa en quen delegue.

-O/a xefe/a do Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial.

-O/a xefe/a do Servizo de Xestión Económica e Educación de Adultos.

-Un/unha asesor/a de ensinanzas artísticas da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

-Un/unha funcionario/a da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que actuará como secretario/a con voz e sen voto.

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada só para os efectos de colaborar na valoración dos aspectos previstos no anexo II. A percepción de asistencias desta comisión, se é o caso, aterase á categoría correspondente que determine a Dirección Xeral de Función Pública da Consellería de Facenda ou a dirección xeral que resulte competente na materia, segundo o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo do persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Oitavo.-A comisión elaborará unha proposta provisional de adxudicación das axudas que se lles notificará aos interesados para que estes, no prazo de dez días hábiles, poidan formular as alegacións que consideren oportunas. Valoradas as alegacións, a comisión elevará a proposta definitiva de adxudicación das axudas á persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a resolución que proceda.

Noveno.-A resolución de concesión de axudas ditada pola persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicarase no *Diario Oficial de Galicia* no prazo máximo de seis meses

contados desde a publicación da convocatoria, e nos termos que figuran no artigo 34.4º do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No suposto de que non recaese resolución expresa dentro do prazo máximo previsto, os solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes para os efectos de interpor o recurso administrativo ou contencioso-administrativo que proceda.

Contra a resolución ditada, que esgotará a vía administrativa, e de conformidade cos artigos 44 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación.

Décimo.-As subvencións irán destinadas a financiar operacións correntes (gastos de funcionamento e profesorado), polo que os xustificantes que ten que achegar o beneficiario non poderán ser certificacións de obra, nin gastos de investimento.

O pagamento da subvención realizarase unha vez comprobado polo órgano concedente a xustificación presentada polo beneficiario da realización da actividade subvencionada, de conformidade co disposto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como co disposto no artigo 60 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. En todo caso, o beneficiario presentará antes do 31 de outubro de 2009 a xustificación completa.

Para que se poida dar curso aos libramentos, os solicitantes deberán achegar certificación, do órgano que teña atribuídas as facultades de control, de acordo co artigo 28.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que acredite o cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a axuda e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto referentes ao período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2009.

Ademais, no momento da xustificación e en calquera caso antes do último pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas coma das pendentes de resolución para a mesma finalidade, ás distintas administracións públicas ou ás súas entidades vinculadas ou dependentes, con indicación do importe e a súa procedencia, ou declaración de non ter solicitada ningunha outra axuda para a mesma finalidade.

A xustificación deberá facerse sobre a subvención total concedida e de non facerse pola totalidade minorarase a subvención en proporción á contía xustificada.

As xustificacións serán dirixidas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Inno-

vación Educativa, San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela.

Décimo primeiro.-A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, a través dos servizos provinciais de inspección educativa, realizará o seguimento da aplicación das axudas nos conservatorios de música.

Así mesmo, o beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Décimo segundo.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, tal como se establece na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo terceiro.-No caso de darse algún dos supostos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o beneficiario da subvención deberá proceder ao reintegro das cantidades recibidas e máis os xuros de demora, nos termos e condicións establecidos nos artigos 77 ao 83, inclusive, do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Décimo cuarto.-Nas comunicacións, publicidade e propaganda dos conservatorios de música que obtengan estas axudas deberá figurar o logotipo da Xunta de Galicia, xunto coa seguinte expresión literal: «Centro subvencionado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria».

Disposición adicional

Para o non previsto nesta orde haberá que aterse á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para adoptar os actos e medidas necesarias para a aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria



ANEXO I

PROCEDIMENTO AXUDAS A CONSERVATORIOS DE MÚSICA NON DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E DE TITULARIDADE PÚBLICA	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO ED314C	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO CONSERVATORIO

DENOMINACIÓN		
[]		
ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
[]	[]	[]
CONCELLO	LOCALIDADE	
[]	[]	
CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO	FAX
[]	[]	[]

DATOS DO/DA SOLICITANTE

TITULAR	CIF	
[]	[]	
ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
[]	[]	[]
CONCELLO	LOCALIDADE	
[]	[]	
CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO	FAX
[]	[]	[]

E, na súa representación:

DON/DONA	DNI	
[]	[]	
ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
[]	[]	[]
CONCELLO	LOCALIDADE	
[]	[]	
CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO	FAX
[]	[]	[]

Cofecendo a convocatoria de axudas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para conservatorios de música non dependentes dela e de titularidade pública, segundo a Orde do _____

SOLICITA
Axuda por importe total de [] (máximo 45.000 euros), que aplicará en []

DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE XUNTAR

TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL COTEXADA. ORIXINAL OU FOTOCOPIA COTEXADA DE CERTIFICACIÓN BANCARIA.
 DECLARACIÓN RESPONSABLE DE TER SOLICITADA, OU NON, AXUDA PARA A MESMA FINALIDADE.
 DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON INCORRER EN NINGUNHA DAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NO ARTIGO 10.2º DA LEI 9/2007.

DECLARACIÓN XURADA:

Declaro baixo xuramento que todos os datos da solicitude así como dos anexos son certos.

Quen abaixo asina DECLARA QUE: presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE -Orde do 22 de xuño de 2009 pola que se anuncia a convocatoria para a concesión de axudas a conservatorios de música non dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e de titularidade pública. -Decreto 253/1993, do 29 de xullo, polo que se establece o currículo do grao elemental e do grao medio das ensinanzas de música e o acceso aos ditos graos (Diario Oficial de Galicia do 25 de outubro). -Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música (Diario Oficial de Galicia do 25 de outubro). -Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música (Diario Oficial de Galicia do 31 de outubro).	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO [] REVISADO E CONFORME []	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA Lugar e data _____, de _____ de 2009		

4. INSTALACIÓNS

DEPENDENCIA*	M ²	HORAS DE UTILIZACIÓN Á SEMANA
<i>TOTAL M²</i>		

* Indíquese segundo corresponde: aulas, sala de profesores, servizos, despachos, cabinas, etc.

5. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O PERÍODO SUBVENCIONABLE

	CONCEPTO	IMPORTE	
A. DE CARÁCTER FIXO	OBRAS MENORES DE REPARACIÓN		
	PARA REPARACIÓN E MANTEMENTO DO EQUIPAMENTO		
	A.-TOTAL GASTOS DE CARÁCTER FIXO		
B. DE CARÁCTER RECORRENTE (en que se incorre todos os anos)	DE FUNCIONAMENTO		
	DE PERSOAL		
	DOCENTE		
	NON DOCENTE		
		B.-TOTAL GASTOS DE CARÁCTER RECORRENTE	
		TOTAL (A+B)	

6. IMPORTE TOTAL QUE O CENTRO PERCIBE DO ALUMNADO NO CURSO 2008/2009 POLA IMPARTICIÓ N DE CLASES

IMPORTE TOTAL QUE PERCIBE DO ALUMNADO	TOTAL